



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de xullo de 2023 (1509/1102)**

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catorce de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(561).- APROBACIÓN ACTAS: Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 4 de xullo de 2023 e ordinaria do 7 de xullo de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(562).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE 1 (CENTRO DECORATIVO PARA VODAS, ACOLLEMENTOS CIVÍS OU EVENTOS INSTITUCIONAIS). EXPTE. 18923/101.

Visto o informe xurídico do 30/06/2023 e o informe de fiscalización do 05/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 28/06/2023 asinado pola xefa do departamento ad-

ministrativo da Alcaldía e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de adxudicación a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) por un prezo total do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros. A empresa propón un prezo unitario unitario de 50,00 euros (IVE incluído) e un incremento do número mínimo de flores esixidas para cada centro:

- Centros para vodas:0 (nº) media ducia de flor.
- Centros para acollementos:1 (nº) media ducia de flor.
- Centros para eventos institucionais: 1 (nº) media ducia de flor.

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 19 de xullo de 2022 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 20/07/2022. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- Con data 7 de xuño, pola Alcaldía notificase a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 19 de xullo 2023, e solicitáselle conformidade para a prórroga do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Con data 14 de xuño a empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) acepta e da conformidade á prórroga do LOTE 1 do expediente 18923-101 a través do documento 230166185 anexado no trámite 261 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.



Concello de Vigo

Quinto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Con data 7 de xuño, notificase a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 19 de xullo 2023, e solicítaselle conformidade para a prórroga do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Con data 14 de xuño a empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) acepta e da conformidade á prórroga do LOTE 1 do expediente 18923-101 a través do documento 230166185 anexado no trámite 261 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga do lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi

satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe do prezo da prórroga do lote 1 do contrato é de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía. Sendo o calculo dos importes previstos para 2023 e 2024 os seguintes:

Ano 2023: 4.479,77 € (do 20 de xullo de 2023 ao 31 de decembro de 2023).

Ano 2024: 4.479,77 € (1 de xaneiro de 2024 ao 19 de xullo de 2024).

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración para o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” formalizado coa mercantil BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo período comprendido entre os días 20 de xullo do 2023 e 19 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Segundo- Autorizar o gasto estimado por un importe total de 8.959,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 814,50 euros a favor de BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) polo lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do vixente “contrato de subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (expediente 18.923-101)” e sendo os importes previstos para os anos 2023 e 2024 os seguintes:

Ano 2023: 4.479,77 € (do 20 de xullo de 2023 ao 31 de decembro de 2023)

Ano 2024: 4.479,77 € (1 de xaneiro de 2024 ao 19 de xullo de 2024)

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) adxudicataria indicando que é definitivo en vía



Concello de Vigo

administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(563).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE AXENCIA INFORMATIVA DE NOVAS E ALERTAS EN TEMPO REAL. EXPTE. 19515/101.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/2023 dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 05/07/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 14 de marzo de

2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 13 de abril de 2023.

Segundo.- Aprobar el gasto por importe de 23.173,92 € co ivo engadido, sendo o importe correspondente ao IVE 21% de 4.021,92 € que se tramitará con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) do orzamento de Alcaldía para os anos 2023 e 2024, o a súa bolsa de vinculación.

De acordo as seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: Do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024. Ano 2023: 13.518,12 € e ano 2024: 9.655,80 €
- Primeira prórroga: Do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025. Ano 2024: 13.518,12 €; Ano 2025: 9.655,80 €
- Segunda prórroga: Do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026. Ano 2025: 13.518,12 €; Ano 2026: 9.655,80 €
- Terceira prórroga: Do 1 de xuño de 2026 ao 31 de maio de 2027. Ano 2026: 13.518,12 € ; Ano 2027: 9.655,80 €

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	100,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, o día 21 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 29 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 29 de maio de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliada a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EUROPA PRESS DELEGACIONES, S.A. o procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 19.151,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.323,88 euros.*
- b) *Propón un incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do prego de prescrición técnicas particulares:*
 - o *Nivel nacional 200 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (400 noticias).*
 - o *Nivel internacional 100 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (100 noticias).*

- Nivel autonómico 40 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (40 noticias).
 - Nivel local 10 (nº) noticias a maiores do mínimo esixido no PPT (20 noticias).
- c) *Propón un servizo de información de noticias e alertas en lingua galega.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(564).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA USUARIO. EXPTE. 10077/113.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 05/07/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da adquisición de equipos informáticos para usuario (ordenadores, monitores, portátiles e modelos todo en un), no que constan:



Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/02/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 03/03/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/03/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 03/04/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 04/04/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica e polo xefe da área de Benestar Social co conforme das Concelleiras delegadas de Política Social e de Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 04/04/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do servizo de Contratación de data 05/04/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 24/04/2023, co conforme da Xefa do servizo de Contratación da mesma data.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 155.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 26.900,83 €, dende o 1 de xuño de 2023 (ata 31/12/2023), segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS	9207.626000/23920703	103.305,78 €	21.694,22 €	125.000,00 €
2023	EQUIPOS INFORMÁTICOS	2310.626000/21231014	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €
Total			128.099,17 €	26.900,83 €	155.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos totais da oferta
1	HERBECON SYSTEMS, S.L.	64,04
2	MARKA INFORMÁTICA, S.L.	58,04

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, HERBECON SYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, HERBECON SYSTEMS, S.L., o día 23 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 27 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar HERBECON SYSTEMS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por HERBECON SYSTEMS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 7 de xuño de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a HERBECON SYSTEMS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 155.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.900,83 euros.
- b) Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 14 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 9 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 8 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles: 9 %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos ordenadores todo en uno (“All in one”): 23 %
- c) Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:
 - Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 4,164, sendo o valor do procesador base de referencia de 3000. (i7-13700).
 - Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:
 - Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,739, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400. (i3-13100).
 - Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de entre 120 GB e 575 GB.
 - Melloras técnicas dos monitores: Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms).

- *Melloras técnicas dos portátiles:*
 - *Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,306, sendo o valor do procesador base de referencia de 2400. (i5-1235U).*
 - *Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes): Memoria RAM de 16 GB.*
 - *Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes): Disco Duro máis de 256 GB ata 512 GB.*
- *Melloras técnicas dos ordenadores "All in one":*
 - *Propón como valor PassMark-CPU Mark para Single Thread Performance 3,402, sendo o valor do procesador base de referencia de 2700. (i3-1215U)*
 - *Propón unha memoria RAM, a maiores do mínimo esixido no PPTP, de (marcar un dos seguintes): Memoria RAM de 16 GB.*
 - *Propón un disco duro, a maiores do mínimo esixido no PPTP de (marcar un dos seguintes): Disco Duro máis de 512 GB ata 1TB ou máis.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(565).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA O ANO 2023 "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2023-24". EXPTE. 20226/77.

Visto o informe de intervención do 11/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 10/07/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 122, do 28 de xuño de 2023, publicouse a Orde do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023 (código do procedemento TR332A).

II. En data 30 de xuño a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude



Concello de Vigo

de subvención para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2023/24, durante os anos 2023 e 2024.

III. A concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas para que as persoas desempregadas incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, procede á preparación do Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2023/24, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio e acompañamento na busca de emprego:

–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente persoas desempregadas de baixa cualificación e menores de 30 anos, así como desempregadas de longa duración, mulleres e inmigrantes, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.

–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoiem a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas.

–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.

–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.

–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia dacordo co proxecto que se presenta, denominado "Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2023/24".

II. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por del-

egación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento.

II. O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de outubro de 2023, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 45%.

III. O custo total estimado do proxecto é de **282.480,00 euros**, dos que o 77,88% corresponde á solicitude de subvención de **220.00,00€** e o 22,12% restante á cofinanciación municipal por un importe de **62.480,00 €**, que se financiará con cargo ás partidas (2410.1200000, 2410.1200100 2410.1200300, 2410.1200600, 2410.1210000, 2410.1210001, 2410.1210100, 2410.1210101, 2410.1210103 e 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvolvemento do proxecto polo que non é necesario a retención de crédito, sendo este importe superior ao previsto para a cofinanciación por parte do Concello de Vigo no proxecto.

IV. O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución Alcaldía 19/06/23,



Concello de Vigo

BOPPO nº 123 do 27/06/23, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Aprobar o proxecto denominado “Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2023/24”, elaborado polo Servizo de Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 282.480,00 euros, dos que 220.000,00€ son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 62.480,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.

Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na orde do 28 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia, e se convocan para o ano 2023.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2023 e 2024 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude Elena Espinosa Mangana a representación do Concello de Vigo na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(566).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA MOCIDADE “ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE: 12302/224.

Visto o informe xurídico do 06/07/2023 e o informe de fiscalización do 10/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 07/07/2023, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste e contrato consiste en deseñar, xestionar e executar o “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”

O programa EnlazaVigo contra a violencia de xénero consiste na posta en marcha dun conxunto de actividades de sensibilización e de formación sobre a violencia de xénero co obxecto de previla, dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional dos centros de ensino da cidade de Vigo. O Servizo de Igualdade poderá delimitar os cursos concretos aos que se dirixirán as actividades cada ano, de entre as etapas educativas mencionadas.

O programa iníciase ao comezo do curso escolar cunha oferta de actividades dirixida aos centros de ensino nas etapas anteriormente mencionadas, de tipo formativo, de expresión artística e reivindicativa para a súa realización nos propios centros en horario lectivo. O programa inclúe a impartición de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (ata un máximo de 60 horas), e culmina coa realización dun acto central que se realizará nun espazo a determinar polo Concello de Vigo, nunha data entorno ao 25 de novembro, con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que será un lugar de encontro e de presentación de boas prácticas no ámbito da coeducación e da prevención da violencia de xénero entre a mocidade.

En data do 12 de maio de 2023, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que tiña atribuídas pola seguinte lexislación: art. 127 da Lei 7/85, e Resolucíons de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucíons de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021.

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero” asinados o 12 de maio de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e a secretaria de Goberno Local.



Concello de Vigo

- Memoria económica asinada o 16 de xuño de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito asinado polo director superior contable o 19 de xuño de 2023 (operación 202300132798 RC).
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 19 de maio de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 19 de maio de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola a concelleira delegada de Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 16 de xuño de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 21 de xuño 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 22 de xuño de 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 3 meses e 22 días, sen posibilidade de prórroga.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do valor total estimado do contrato, tendo en conta que non hai posibilidade de prórroga nin de modificación do contrato, é de 24.473,51 € (importe do contrato sen IVE).

O orzamento base de licitación é (IVE incluído) 28.794,02 €. Este orzamento base de licitación consta de:

- unha parte fixa: 24.894,02 € (que inclúe un IVE de 4.320,45 €, correspondente ao 21%)
- unha parte variable, correspondente á impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado ata un máximo de 60 horas: 3.900 €. A parte variable está exenta de IVE conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido.

O prezo unitario para a impartición dos obradoiros formativos dirixidos ao alumnado é o seguinte: 65 €/hora

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o 2023 da Concellería de Igualdade. O consumo de crédito na

bolsa de vinculación 22 non altera o normal funcionamento do Servizo de Igualdade no vixente exercicio, minorándose proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa "Outros programas de igualdade" 2311 2279903.

Exercicio 2023: 28.794,02 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área polas Resolucións da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021.



Concello de Vigo

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente o certificado de retención de crédito de data 19 de xuño de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 22 de xuño de 2023.

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 19 de maio de 2023, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 28.794,02 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade.

5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(567).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 11161/307.

Visto o informe xurídico do 06/07/2023 e o informe de fiscalización do 07/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 03/07/2023, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a primeira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 7 de febreiro de 2023, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido á contratación por procedemento aberto dos servizos de mantemento de zonas de interese patrimonial.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 7 de febreiro de 2023 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 23 de xuño de 2023 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial.
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do mantemento das zonas de interese patrimonial asinado o 22 de xuño de 2023 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.
- Memoria xustificativa asinada o 30 de xuño de 2023 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral o 30 de xuño de 2023 e pola xefa de área de contratación e novos proxectos o 3 de xullo de 2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP) e a xustificación da tramitación urxente do procedemento (art. 119.1 LCSP).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

Quinto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

iii.- ACORDO:

1º.- Aprobado o expediente de contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial polo procedemento aberto e tramitación urxente.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado o 22 de xuño de 2023 polo xefe de Montes, Parques e Xardíns.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola técnica de Administración Xeral o 30 de xuño de 2023 e pola xefa de área de contratación e novos proxectos o 3 de xullo de 2023.

3º.- Autorizar o gasto total de CATROCENTOS TRECE MIL CINCO CENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (413.563,74 €)., sendo o importe correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (71.775,52 €).como orzamento base de licitación, con cargo as aplicacións 3360.2100001, 3360.2100002, 3360.2100004 e 3360.2120001.

2023	68.318,14 euros
2024	207.147,33 euros
2025	138.098,27 euros

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(568).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA -AGASP, EN MATERIA DE FORMACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO. EXPTE. 85174/212.

Visto o informe xurídico do 21/06/2023 e o informe de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2023, asinado polo intendente xefe da Policía Local e a concelleira delegada da área de seguridade, contratación e xestión municipal, que di o seguinte:

A Constitución Española de 1978, establece no seu artigo 148.1.22, como competencia atribuída ás CCAA a coordinación das Policía Local, entre outras establece a facultade de coordinar a formación profesional das Forzas e Corpos de seguridade mediante a creación de Escolas de Formación.

Esta facultade foi asumida e exercida pola CCAA de Galicia a través da creación, na actualidade, da Academia Galega de Seguridade Pública – AGASP – mediante a Lei 1/2007, de 15 de xaneiro.

Tanto esta lei, a 1/2007 coma a 4/2007 de coordinación de Policía locais, atribúenlle a competencia para “ Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos ao ingreso e promoción interna nas distintas escalas



Concello de Vigo

dos corpos da Policía de Galicia e das policías Locais, así como a súa formación continua e especialización.

O labor formativo despregado por este organismo está a contribuír sen dúbida algunha a incrementar a profesionalidade e especialización do Corpo da Policía Local de Galicia.

Máis, por razóns de variable índole, dita formación nin resulta suficiente para alcanzar o alto grao de capacitación e especialidade que necesita a Policía Local para levar a fin a súa complexa misión con eficacia e plena satisfacción da comunidade á que serve, nin alcanza á totalidade dos cadros de persoal que configuran a Policía Local de Galicia. Por conseguinte, necesítase dunha labor formativa complementaria para a consecución de tal logro.

O Concello de Vigo, ao amparo da súa competencia propia en materia de Policía Local, prevista na Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, e a través da Policía Local, que ven levando a cabo dende o ano 2000 unha labor complementaria no ámbito da formación continua, perfeccionamento dos seus funcionarios/as de Policía, orientado a ofrecer unha resposta inmediata aos cambios lexislativos e as demandas de formación específicas do Corpo da Policía Local de Vigo e á estratexia local de seguridade.

Os principios de eficacia e eficiencia da actuación administrativa aconsellan a cooperación de ambas entidades na formación continua do cadro de persoal da Policía Local de Vigo ao cuxo efecto elabórase o convenio que se presenta no Anexo I o cal se propón para aprobación e firma.

A colaboración formalizada no convenio que se ven a propoñer ten por obxecto material os curso de formación continua para o Corpo da Policía Local de Vigo, cláusula primeira.

Así mesmo, o Concello de Vigo mantén a capacidade de decisión sobre a organización, deseño das actividades formativas, selección dos asistentes e contratación do profesorado como así se estipula na cláusulas segunda, terceira e cuarta do convenio.

O anterior permite soste, sen dúbida, que a colaboración que se formaliza no convenio non compromete os resortes necesarios para que a formación deseñada e impartida en execución do mesmo responda aos obxectivos estratéxicos do servizo da Policía Local de Vigo e ás necesidades de formación detectadas para o ano 2023.

No eido das vantaxes que para o Concello de Vigo derívanse da colaboración de ambas as dúas institucións son, ademais, do apoio organizativo e asistencia técnica da propia Academia Galega de Seguridade Pública en materia de formación policial:

1. A elaboración e entrega en cada acción formativa dos programas, documentación, material e expedición de diplomas correspondente.

2. O convenio ten unha repercusión positiva na carreira profesional dos membros do Corpo da Policía Local por canto, o tenro do disposto na Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se determina entre outras o baremo de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos da Policía Local as actividades formativas desenvolvidas polos concellos en Convenio coa Academia

Galega de Seguridade Pública obteñen maior baremación que se, pola contra, son desenvolvidos exclusivamente polos Concellos.

3. De conformidade co previsto na Lei 1/2007, de 15 de xaneiro, pola que se regula a Academia Galega de Seguridade Pública e o Decreto 59/2012, de 19 de xaneiro, pola que se establecen as condicións e procedementos de homologación de cursos formativos impartidos nas entidades alleas a AGASP encóntranse suxeita a un procedemento gravoso e sometido a taxa pública.

En conclusión, a sinatura do convenio non supón para o Concello de Vigo gasto adicional o que xa ven facendo para a formación dos membros do Corpo da Policía Local de Vigo, non comprometendo o deseño da mesma en función das necesidades e estratexias propias, e recibe a cambio o apoio organizativo e asistencia técnica da Academia Galega de Seguridade Pública, o material didáctico dos cursos e a homologación dos mesmos.

No expediente consta a existencia de crédito suficiente e adecuado nas aplicacións orzamentarias 1320.2279910 (cursos de formación impartidos por empresas) cun máximo de 5.000,00 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2320000 (cursos de formación impartidos por empregados públicos) cun máximo de 5.000,00 euros..

Por todo o antedito, vense a **PROPOÑER** a sinatura do convenio que se adxunta, o que non supón para o Concello gasto adicional algún o que xa ven facendo para a formación dos funcionarios/as da Policía Local, non comprometendo o deseño da mesma en función das necesidades e estratexias propias, e recibindo a cambio o apoio organizativo e asistencia técnica de Academia Galega de Seguridade Pública o material dos cursos e a homologación dos mesmos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE VIGO.

C O M P A R E C E N:

DUNHA PARTE, D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.



Concello de Vigo

DOUTRA, D^a. Patricia Rodríguez Calviño, concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do Concello de Vigo, actuando en virtude das atribucións que lle confire, por delegación de alcaldía con data de 26.06.2019, o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local.

Ambas partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lle confiren, recoñecendo reciprocamente capacidade e lexitimación bastante en Dereito para outorgar e firmar o presente Convenio de colaboración, e a tal efecto:

EXPOÑEN:

I.- Que conforme á Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) -artigos 1, 4.2 e 5.2-, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito orgánicamente á consellería competente en materia de interior e xustiza e ten encomendada, entre outras funcións, a de: *“elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos Corpos da Policía de Galicia e das Policía Locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización”*; e a de *“promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional”*.

II.- Que conforme aos artigos 137 e 140 da Constitución Española, e artigos 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os Concellos son entidades locais territoriais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o Concello de Vigo dispón de Corpo de Policía Local e dunha Academia de Formación, que realiza un labor docente complementario do exercido pola AGASP.

Que o artigo 57 da devandita Lei 7/1985 contempla o convenio como un dos instrumentos de cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras do principio de eficacia que debe presidir as actuacións administrativas, ambas as partes consideran necesario cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento dos membros da Policía Local, pois brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.

Que convencidos do interese público e común desa cooperación, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a AGASP e o Concello de Vigo a través da Xefatura da Policía Local para a formación dos funcionarios/as da Policía Local de Vigo.

Esta formación levarase a cabo mediante os cursos e demais accións formativas de actualización e especialización.

SEGUNDA: organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e accións formativas deberá axustarse ás regras seguintes:
O deseño, estrutura, obxectivos, contidos, lugar de desenvolvemento e as datas de cada curso serán decididos pola Xefatura da Policía Local de Vigo dando conta á AGASP para o exercicio das facultades de coordinación legalmente atribuídas.

A AGASP achegará a súa infraestrutura organizativa e medios; cederá gratuitamente o uso da



Concello de Vigo

súa plataforma de teleformación, así como dos paquetes de contidos que posúe. No caso de que a actividade formativa o requira, en virtude deste convenio, poderase facer uso das instalacións da AGASP, incluída a pista de condución de vehículos todoterreo.

As solicitudes de participación dirixiranse ao Concello de Vigo, quen fará a selección do persoal asistente.

TERCEIRA: profesorado, aulas e locais.

O Concello de Vigo seleccionará e contratará o profesorado, sendo asistido pola AGASP.

As clases impartiranse nas instalacións da Policía Local de Vigo ou noutras instalacións que esta propoña.

CUARTA: seguimento, coordinación e control das actividades formativas.

A Xefatura da Policía Local de Vigo asume o control das accións formativas, especialmente da asistencia do alumnado ás clases e da atención aos docentes.

Os diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada estarán asinados polo alcalde de Vigo ou Concelleiro/a-delegado que corresponda e polo Director Xeral da AGASP, e neles figurarán ambas as dúas institucións.

As certificacións que poidan requirir o persoal docente ou o alumnado sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderán ser expedidas por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

QUINTA: financiación e xestión económica das actividades formativas.

O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:

1.- O Concello de Vigo sufragará o pago de docentes conforme a seguinte distribución:

- Ata un máximo de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279910 (cursos de formación impartidos por empresas)

- Ata un máximo de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2330000 (cursos de formación impartidos por empregados públicos).

2.- A sinatura deste convenio non implica por parte da AGASP, compromiso de gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

SEXTA: requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.

Estes aspectos estarán regulados pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificará no texto de cada convocatoria.

SÉTIMA: comisión de seguimento.

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 49 f) respecto do art. 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.



Concello de Vigo

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio em calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cós efectos que legalmente procedan.

NOVENA: réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Pñublico e pola lexislación sobre a materia, e, no seu defecto, pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; en defecto deste último, polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no ámbito das respectivas competências, poñendo fina á vía administrativa.

DÉCIMA: Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o día 31 de decembro de 2023, prorrogándose de xeito expreso por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prorrogas conforme o establecido no art 49.H.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen xurídico do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as súas cláusulas e, como proba de conformidade, asínanse dous exemplares no lugar e data arriba indicados.

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

Asdo.: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

9(569).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO (SPA) PARA A REALIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE AVALIACIÓNS DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40661/220.

Visto o informe xurídico do 20/06/2023, corrixido en data 03/07/2023, e o informe de fiscalización do 26/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/05/2023, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, a xefa da área de RRHH e Formación e a concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, con data 7/09/2023 a xefa da área de RRHH e Formación emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo, en cumprimento da obriga de dar cumprimento aos artigos 16 e 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

2.- Con data 7/09/2022 a Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal resolve que se inicie o expediente necesario en conformidade coa proposta realizada.

2.- Con data 19/05/2023, redáctase a Memoria Económica pola técnica de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado en data 22/05/2023 pola xefa da área de RRHH e Formación, a Concelleira delegada da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

3.- Con data 05/04/2023 emítase certificado de crédito por parte da Intervención Xeral.

4.- Con data 19/05/2023, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares polas técnicas de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación en data 22/05/2023.



Concello de Vigo

5.- Con data de 19/05/2023, a técnica de prevención de riscos laborais asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada en data 22/05/2023 pola xefa da área de RRHH e Formación e pola Concelleira delegada da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

6.- Con data 25/05/2023 o Servizo de Contratación emite informe indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

5.- Con posterioridade redáctase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación con data 25/05/2023.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 30.000 € (IVE incluído), que podería imputarse á aplicación presupostaria 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2019 e de 20/06/2019) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

Segundo.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa dos termos do contrato: a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato (artigo 112 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Terceiro.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

Cuarto.- Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de realización e actualización de avaliacións de riscos psicosociais do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 40661/220).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 25/05/2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas, elaborado polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais – Área de RRHH e Formación, con data de sinatura electrónica de 19/05/2023 e 22/05/2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por un importe de 30.000 euros (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:

Ano 2023: 7.500 €

Ano 2024: 15.000 €

Ano 2025: 7.500 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 920.1.2270601 "Estudo de Plans de avaliación de riscos laborais" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(570).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 1465/1102.

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou



Concello de Vigo

administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O artigo 9 dos Estatutos da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo (BOP n.º 73, 17/04/99) determina que cada Concello estará representado no pleno da mancomunidade polo seu Alcalde máis por outros representantes designados polo pleno de cada Concello entre os membros corporativos e respecto ao noso municipios na seguinte proporción, *Concellos con poboación superior a 100.000 habitantes 7, máis un representante máis por fracción de 25.000 superando os 100.000 habitantes.*>>

O Concello de Vigo segundo datos oficiais publicados polos INE e aprobado por Decreto 1458/2018, de 14 de decembro dispón dunha cifra de poboación resultante da revisión do Padrón Municipal referidas a 2022 de 292.374 habitantes,, polo que lle corresponde a designación de catorce concelleiros.

Trala sesión constitutiva da corporación en data 17 de xuño de 2023, constituíronse os seguintes grupos municipais: PSOE, dezanove concelleiros/as; PP, cinco concelleiros/as; BNG, tres concelleiros/as.

E por isto polo que a proposta dos grupos municipais sométese a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**

Primeiro.- Designar aos seguintes representantes do Concello de Vigo no pleno da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo aos seguintes

Presidente, Sr. Alcalde do Concello de Vigo, Abel R. Caballero Álvarez

Polo Grupo Político Municipal Socialista:

Vogal 1	D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Vogal 2	Dna. Elena Espinosa Mangana
Vogal 3	Dna Patricia Rodríguez Calviño
Vogal 4	Dna. Yolanda Aguiar Castro
Vogal 5	D. Jaime Aneiros Pereira
Vogal 6	D. Ángel Rivas González
Vogal 7	D. Carlos López Font
Vogal 8	D. Abel Fermín Losada Álvarez
Vogal 9	Dna. María Olga Alonso Suárez
Vogal 10	Dna María del carmen Lago Barreiro
Vogal 11	Dna. Ana Laura Iglesias González

Polo Grupo Político Municipal do Partido Popular.

Dna. Luisa Sánchez Méndez
D. Fernando González Abeijón

Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,

D.Xabier Pérez Igrexas

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

11(571).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 1466/1102.

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade ca normativa sinalada e ao abeiro dos arts. 11, 14, 16 e 17 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo (DOG n.º 246, do 27/12/2012), esta Alcaldía Presidencia, tralas consultas cos Grupos Políticos Municipais, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo aos seguintes concelleiros/as:



Concello de Vigo

Polo Grupo municipal socialista:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. Carlos López Font

Suplente: Dna. Elena Espinosa Mangana

Suplente: Dna Nuria Rodríguez Rodríguez

Polo Grupo municipal do Partido Popular:

Dna. Marta Fernández-Tapias Nuñez

Suplente: Dna Luisa María Sáñez Méndez

Comunicar, así mesmo, ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello de Vigo correspóndelle á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e do Concello de Vigo, D^a M.^a José Caride Estévez, por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019. Suplente D^a Ana Mejías Sacaluga.

Segundo.- Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello á concelleira:

D^a M.^a José Caride Estévez

Suplente: D. Carlos López Font

Terceiro.- Designar Vicepresidente do Consorcio Casco Vello de Vigo ao Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Consorcio Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade

co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

12(572).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 1467/1102.

Dáse conta da proposta de data 04/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade co artigo 2 dos Estatutos Fundacional do Consorcio da Zona Franca de Vigo aprobado por Orden Ministerial do 24 de xullo de 1951, Boletín Oficial del Estado núm. 213 de data 1 de Agosto de 1951 e modificado por Orden Ministerial de 11 de maio de 1998 o "Consorcio de la Zona Franca de Vigo" estará constituído, entre outros, polo Presidente, o Alcalde del Excelentísimo Concello de Vigo e cinco vogais, concelleiros/as do Excelentísimo Concello de Vigo.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde-Presidente **D. Abel Caballero Álvarez** e polos concelleiros e concelleiras

1. Dna. Maria del Carmen Silva Rego
2. D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
3. D^a. M^a José Caride Estévez
4. D. Ángel Rivas González
5. D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na



Concello de Vigo

sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

13(573).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO “INSTITUTO FEIRAL DE VIGO” (IFEVI). EXPTE. 1468/1102.

Dáse conta da proposta de data 05/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Instituto Feiral de Vigo” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma segundo o disposto no artigo 12 dos Estatutos da Fundación do Instituto Ferial de Vigo aprobado polo Padroado en data 3 de xullo de 2009

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar á Cuarta Tenente de Alcalde e concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, Dna. María Jose Caride Estévez representante do Concello de Vigo no padroado e Comité Executivo na Fundación Instituto Ferial de Vigo

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei

19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

14(574)- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES”. EXPTE. 1470/1102.

Dáse conta da proposta de data 07/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, acordou en sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30 de setembro de 2002 de 2015, a súa adhesión á Red Española de Ciudades Saludables, en adelante RECS, e conforme o artigo 8 das normas e funcionamento procede designar representante do Concello de Vigo

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na Red Española de Cidades Saudables, pola Delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez.

Segundo- Dar traslado deste acordo á Red Española de Ciudades Saludables, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.



Concello de Vigo

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

15(575).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 1471/1102.

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación tralas eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Real Decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (BOE do 24 de abril de 2006), establece en su artículo 14, punto 5.d) referido a composición dos Consellos Territoriais da Propiedad Inmobiliaria que formará parte dos mesmos como vogal, un representante do Concello de VIGO no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

E por isto que somete a consideración da Xunta de Goberno Local conforme o art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra ao concelleiro de Área de Goberno de orzamentos e Facenda, D. Jaime Aneiros Pereira e como suplente, a Xefa da Inspección de Tributos, Dna. M.ª del Carmen Pazos Area.

Segundo - Comunicar este acordo á Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo publicarase na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

16(576).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA. EXPTE. 1472/1102.

Dáse conta da proposta de data 10/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

A Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia determina no seu artigo sete que formarán parte do padroado adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente e, entre outros, un representante por cada un dos concellos en cuxo termo municipal estea ubicado o Parque Nacional.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Nomear a Concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, representante do Concello de Vigo no Padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

17(577).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PADROADO DA FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA. EXPTE. 1473/1102.

Dáse conta da proposta de data 11/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución da nova Corporación tralas eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación Museo do Mar de Galicia somete á consideración da Xunta de Goberno Local conforme o art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear representantes do Concello de Vigo no Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia ao concelleiro delegado de cultura, Gorka Gómez Díaz.

Segundo - Comunicar este acordo ao padroado Fundación Museo do Mar de Galicia , aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e, para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo publicarase na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

18(578).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA REDE DE ENTIDADES LOCAIS POLA TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA FEMP. EXPTE. 1474/1102.

Dáse conta da proposta de data 07/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

A Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) constituíu o 24/02/15 a "*Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana*", coa finalidade de promover a innovación e a mellora permanente na relación entre os Gobernos Locais e a cidadanía baixo os principios do Goberno Aberto e mediante o intercambio de experiencias e desenvolvemento de proxectos.

O Concello de Vigo, acordou en sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30 de marzo de 2015, a súa adhesión á Rede de Entidades Locais pola Transparencia



Concello de Vigo

e Participación Cidadá da FEMP (EXPTE. 20/1102 (REXISTRO PLENO 1073/1101) e conforme o artigo 8 das normas e funcionamento procede designar representante do Concello de Vigo

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Calviño Rodríguez .

Segundo. Dar traslado deste acordo á Rede de entidades locais pola transparencia e participación cidadá da FEMP aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

19(579).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA “ RED ESPAÑOLA DE CIUDADES INTELIGENTES (RECI)”. EXPTE. 1475/1102.

Dáse conta da proposta de data 07/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes,

fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 28 de setembro de 2015, acordou solicitar a adhesión do Concello de Vigo á “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI) polo que procede de conformidade co artigo 9 dos Estatutos designar a un representante do Concello de Vigo.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na “ Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI)” pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Calviño Rodríguez .

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI”), aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

20(580).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PADROADO DA FUNDACIÓN LAXEIRO. EXPTE. 1478/1102.

Dáse conta da proposta de data 04/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da



Concello de Vigo

Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación Laxeiro actuará na mesma través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado e mediante a designación de tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo no padroado como órgano de representación, xestión e goberno da Fundación Laxeiro .

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “**Fundación Laxeiro**”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Segundo.- Designar como membros representantes do Concello no padroado da Fundación Laxeiro , segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos a: Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Fundación Laxeiro, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

21(581).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN LISTE. EXPTE. 1479/1102.

Dáse conta da proposta de data 05/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación Liste actuará na mesma través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Vicepresidencia do Padroado e mediante a designación de dous representantes do Concello de Vigo no padroado como órgano de dirección, representación, xestión da Fundación Liste .

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “**Fundación Liste**”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia do Padroado segundo o artigo 15.3 dos Estatutos.

Segundo.- Designar como membros representantes do Concello no padroado da Fundación Liste , segundo se indica no artigo 13 dos seu Estatutos a: Concelleiro-Delegado de Cultura, Concelleiro-Delegado de Cultura, D. Gorka Gómez Díaz e o concelleiro D. Abel Losada Álvarez.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Fundación Liste, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

22(582).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN EIXO DO NOROESTE PENINSULAR. EXPTE. 1480/1102.

Dáse conta da proposta de data 10/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo é socio fundador da Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular dende o 25 de xuño de 1992. De conformidade co establecido no artigo 12 dos Estatutos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar ao Concelleiro da Área de Portavocía, Carlos López Font, representante do Concello de Vigo no órganos de dirección da Asociación Eixo Atlántico Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Asociación Eixo Atlántico Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

23(583).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN “CONVENTION BUREAU”. EXPTE. 1481/1102.

Dáse conta da proposta de data 05/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo estará representado na Fundación “Vigo Convention Bureau” través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado e da Vicepresidencia da Fundación que será exercida polo Concelleiro/a Delegado de Turismo do Concello de Vigo, ou concelleiro-a en quen delegue (artigo 18.2 e 3 dos Estatutos).

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón na “Fundación Convention Bureau”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado.

Segundo.- Designar a concelleira delegada de Turismo e Xuventude, Dna. María del Carmen Lago Barreiro, Vicepresidenta da “Fundación Convention Bureau” á

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Fundación “Convention Bureau”, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.



Concello de Vigo

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

24(584).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA REDE ESPAÑOLA DE CIDADES POLO CLIMA. EXPTE. 1507/1102. Dáse conta da proposta de data 07/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, acordou en sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27 de xullo de 2006 , a súa adhesión á Red Española de Cidades polo Clima

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na Rede Española de Cidades polo Clima, pola Delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Rede Española de Cidades polo Clima, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

25(585).- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS CON TERRITORIOS EN PARQUES NACIONAIS. EXPTE. 1508/1102.

Dáse conta da proposta de data 10/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

En data 30 de setembro de 2002 o Concello de Vigo solicitou a súa inclusión na Asociación de Municipios con Territorios en Parques Nacionais que aporta como territorio o parque nacional marítimo terrestre das Illas Cíes de Galicia. De conformidade co establecido no artigo 5 dos Estatutos Asociación de Municipios con Territorios en Parques Nacionais e de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar a concelleira delegada de Medio Ambiente, Nuria Rodríguez Rodríguez, representante do Concello de Vigo na Asociación de Municipios con Territorios en Parques Nacionais.

Segundo- Dar traslado deste acordo a Asociación de Municipios con Territorios en Parques Nacionais; aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras



Concello de Vigo

afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(586).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO C, CALEFACCIÓN E ACS PARA O PARQUE CENTRAL DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6359/213.

Visto o informe xurídico do 05/07/2023 e o informe de fiscalización do 06/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 16/06/2023, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros, a concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e o concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 6 de maio de 2021 acordou: (expte 6359-213): Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para o

subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 18 de marzo de 2021.

2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 22 de abril de 2021.

3o.- Autorizar o gasto por importe de 24.352,20 euros, do que 4.226,42€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria

13602210300 " Combustible gasoleo" do presuposto municipal vixente.

Ano 2021: 6.088,05€

Ano 2022: 12.176,10€

Ano 2023: 6.088,05€

2. Con data 31 de agosto de 2021 asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil Gasoleos Amigo S.L.(B-36736049) cun prazo de execución de 2 anos naturais sendo a data de inicio 1 de setembro de 2021 (cláusula 4) .

3. (CONFORMIDADE EMPRESA ADXUDICATARIA) :

3. A través da notificación co número de saída 41625-2023-1 comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 230164314, de data 12 de xuño de 2023, Doña Rosa María Amigo con DNI 36048670B, en nome e representación da mercantil Gasoleos Amigo, S.L. (B-36736049, presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato 6359-213 cunha duración dende 1 de setembro de 2023 o 31 de agosto de 2024.

4. A empresa adxudicataria ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Consonte o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Concello de Vigo

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 31 de agosto de 2021 como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de 2 anos a contar dende o día 1 de setembro de 2021 prevéndose a posibilidade dunha prórroga dun ano.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

6. Os técnicos que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

7. Competencia: Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020)) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de subministro de gasoleo (expediente núm 6359-213), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de setembro de 2023 ao 31 de agosto de 2024.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto polo importe total de 12.176,10€ , dos cales, 4.058,70€ corresponden ao orzamento do ano 2023 e 8.117,40€ corresponden ao orzamento do ano 2024 que se financiarán con cargo as aplicación orzamentaria 13602210300 “ Combustible gasoleo”

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(587).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº.1 DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”. EXPTE. 1145/441.

Visto o informe xurídico do 21/04/2023 e o informe de fiscalización do 10/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 04/04/2023, asinado polo técnico de administración xeral, a xefa do servizo de contratación e o concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 25 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo: *«Aprobar o proxecto de obras de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”, redactado polo Arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €) e con sinatura dixital de data 11.08.21».* Expte. 5051-443.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10 de febreiro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO IME MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”; e polo tanto, entre outros extremos, o prego de cláusulas administrativas (PCAP, no tte. 60), autorización do gasto e apertura do procedemento de licitación. (tte. 105).



Concello de Vigo

O prazo de execución das obras segundo o apartado 4 das FEC é de 4 meses, e establecece a posibilidade de modificación do contrato no apartado 6 das FEC.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: *“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal” (1145-441) por un prezo total de 601.506,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.393,76 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”. (tte. 255)

4.- En data 20 de xuño de 2022 formalizase o contrato das obras de “Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal”, entre o Concello de Vigo e a empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (tte. 300)

5.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 16 de setembro de 2021, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), previo informe proposta do servizo xestor do contrato, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL” (1145-441) ao Enxeñeiro en Topografía D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO e ao Enxeñeiro de Edificación D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ. Este último foi substituído polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ, mediante resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 18 de outubro de 2022, previo informe proposta do servizo xestor do contrato. (ttes. 9 e 31 do expte. 5601-443).

6.- A acta de comprobación de replanteo foi asinada pola dirección facultativa das obras e polo representante do contratista en data 20 de xullo de 2022, dando comezo as obras ao día seguinte. (tte.26 do expte. 5601-443).

7.- Con data 31 de outubro de 2022, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor do contrato, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acordou autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL” adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2022 a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), por un prazo adicional de 3 meses, motivada pola demora nos prazos de entrega dos diversos materiais que constitúen as diferentes unidades de obra, debido a actual situación económica social. (tte.35 do expte. 5601-443).

8.- Por mor do bando de Nadal de Alcaldía, procédese a suspensión temporal da execución das obras dende o 20 de decembro de 2022 ata o 9 de xaneiro de 2023, tal e como se recolle nas correspondentes actas de suspensión e reinicio das obras. (ttes. 53 e 54 26 do expte. 5601-443).

9.- Con datas 23 e 26 de decembro de 2022, a Dirección facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL". (tte. 319).

10.- Tendo en conta o anterior, e previo informe proposta do servizo xestor do contrato, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 28 de decembro de 2022, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL". (tte. 320).

11.- En data 21 de febreiro de 2023, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, o Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos acordou autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de "ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL" adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2022 a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), por un prazo adicional de 2 meses, motivada pola situación socioeconómica excepcional, en relación aos prazos de entrega dos subministros, o que está provocando unha demora nos traballos de execución da obra. (tte.51 do do expte. 5601-443).

12.- En data 23.03.2024, pola dirección facultativa da obra Pola dirección facultativa da obra, emítese informe técnico xustificativo do proxecto modificado nº1 das obras "ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL", e que consta no expediente (tte. 353), no que se describen as modificacións propostas no proxecto modificado nº1:

"(...)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no Proxecto Modificado nº 1.

II.1. Modificacións derivadas do estado da soleira, estruturas e construcións distintas das recollidas en proxecto.

Unha vez comezados os traballos de demolicións e escavacións na zona de actuación do IME Miguel Servet xorden as seguintes incidencias:

- *En relación aos traballos de demolicións de falsos teitos e paramentos, aparecen fendas e fisuras que se atopaban ocultas baixo os revestimentos de ditos paramentos. Estas afectan, en parte, a elementos*



Concello de Vigo

estruturais do inmoble. Asemade, ao proceder á retirada dos falsos teitos da actual zona de FOAMPAS, constátase que a armadura do forxado superior e as vigas do mesmo se atopan desprotexidas e con presenza de importante corrosión.

Para solucionar estas deficiencias, é necesario proceder ao picado e saneado dos paramentos afectados, pasivado das armaduras afectadas e á reparación das fisuras, tanto superficiais (xuntas de dilatación, malla de fibra...) coma estruturais (actuación puntual na viga afectada e formación dun tabique de carga).

En consecuencia, verase afectado por estas modificacións:

Capítulo 1. Actuacións Previas

Capítulo 3. Albanelería.

- Do mesmo xeito, unha vez iniciados os traballos de escavación das gabias de saneamento e de demolición da soleira de formigón existente na urbanización exterior, obsérvase que a mesma se atopa asentada sobre unha base de terreo totalmente inestable e deficitario, constituído por materiais non comprimidos e de baixa resistencia.*

Así pois, é necesario o aporte de material tipo zahorra para a súa posterior compactación.

En consecuencia, verase afectado por estas modificacións:

Capítulo 2. Movemento de Terras.

- Na mesma liña, ao proceder á demolición da cuberta traseira dos almacéns existentes, constátase que a previsión de proxecto de que a mesma estivese formada por placa ladrilleira unicamente se da no primeiro tramo. Así, advertiuse que a composición do resto da cuberta, unha vez retirado o revestimento superficial, é de placa maciza de formigón armado.*

En consecuencia, a execución da demolición debe realizarse de maneira diferente á contemplada no proxecto, con previo corte e separación coa fachada existente e con diversa ferramenta e man de obra non contemplada inicialmente.

En consecuencia, verase afectado por estas modificacións:

Capítulo 1. Actuacións Previas.

- Por último, constátase a presenza de vidros rotos na cuberta do lucernario existente que están a ocasionar a entrada de auga ao interior do edificio, producindo danos significativos nas guarnicións de madeira da carpintería, que se atopa na súa vertical inferior. O cambio dos vidros e carpintería de esta zona non se atopaba prevista no proxecto orixinal, ao atoparse en bo estado no momento da redacción do proxecto.*

Para a solución de estes danos, procederase á demolición dos vidros do lucernario actual e dos fixos das portas de entrada existentes, acondicionando a estrutura actual para, a continuación, repoñer os devanditos vidros. Ademais, realizarase a reparación do paramento afectado pola entrada de auga, repoñendo a carpintería danada.

En consecuencia, veranse afectados por estas modificacións:

Capítulo 1. Actuacións Previas

Capítulo 4. Cuberta

Capítulo 9. Carpintería.

Para proceder á reparación e corrección da problemática detectada, será necesario engadir e modificar algunha das unidades de obra do proxecto inicial.

III. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

As modificacións citadas no apartado anterior encaixan nas circunstancias descritas no apartado 6.C do Anexo I FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC), MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

“Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións ocultas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto”.

“Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto”.

Porén nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos:

- 1. Actuacións previas.*
- 2. Albanelería.*
- 3. Cuberta*

Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectiva, encadrándose no suposto previsto no artigo 205.2.c) da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, nin se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato, nin tampouco se amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións contempladas non se supera o 15% do prezo inicial do contrato, nin se atopan as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.



Concello de Vigo

Respecto a xustificación da súa necesidade, indicar que as mesmas son necesarias para a execución dos traballos relacionados coa reparación e acondicionamento dos elementos estruturais afectados, garantindo a seguridade na edificación do IME, e que non puideron terse en conta no momento da redacción do proxecto orixinal, posto que as deficiencias detectadas atopábanse ocultas baixo revestimentos e falsos teitos existentes, circunstancia pola que non puideron preverse no contrato inicial.”

e do cal se extrae o seguinte resúmen cuantitativo:

(...)

As modificacións propostas neste expediente, así como as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4.i) da LCSP, resúmese nas seguintes táboas:

Capítulo	Proxecto orixinal	Proxecto Modificado	MOD. ART.204	MOD. ART.205	MOD. ART.242,4i)	DIFERENCIA
1 ACTUACIONES PREVIAS	19.225,40 €	53.448,62 €	25.409,21 €	7.491,30 €	1.322,71 €	34.223,22 €
2 MOVIMIENTO DE TIERRAS	1.368,53 €	3.809,78 €	2.441,25 €	- €	- €	2.441,25 €
3 ALBANILERIA	28.153,57 €	29.268,82 €	- €	1.115,25 €	- €	1.115,25 €
4 CUBIERTA	13.784,72 €	25.746,56 €	- €	11.356,95 €	604,89 €	11.961,84 €
5 REVESTIMIENTOS Y ALICATADOS	31.923,46 €	31.923,46 €	- €	- €	- €	- €
6 PINTURAS	18.858,58 €	18.858,58 €	- €	- €	- €	- €
7 PAVIMENTOS	23.119,70 €	23.119,70 €	- €	- €	- €	- €
8 AISLAMIENTOS E IMPERMEABILIZACIONES	2.873,56 €	2.873,56 €	- €	- €	- €	- €
9 CARPINTERIA	108.353,51 €	113.451,51 €	5.098,00 €	- €	- €	5.098,00 €
10 INSTALACIONES	118.655,47 €	118.655,47 €	- €	- €	- €	- €
11 APARATOS SANITARIOS	17.694,72 €	17.694,72 €	- €	- €	- €	- €
12 URBANIZACION EXTERIOR	16.373,31 €	16.373,31 €	- €	- €	- €	- €
13 VARIOS	11.363,40 €	11.363,40 €	- €	- €	- €	- €
14 GESTION DE RESIDFUOS + COSTE CONTENEDORES	13.353,58 €	13.353,58 €	- €	- €	- €	- €
15 SEGURIDAD Y SALUD	10.500,29 €	10.500,29 €	- €	- €	- €	- €
ORZAMENTO EXECUCION MATERIAL	435.601,80 €	490.441,36 €	32.948,46 €	19.963,50 €	1.927,60 €	54.839,56 €
Gastos Generales (13 %)	56.628,23 €	63.757,38 €				
Beneficio Industrial (6 %)	26.136,11 €	29.426,48 €				
Suma	518.366,14 €	583.625,22 €	39.208,67 €	23.756,57 €	2.293,84 €	65.259,08 €
Baixa de axudicación (4,10 %)	21.253,01 €	23.928,63 €				
ORZAMENTO DE ADXUDICACION	497.113,13 €	559.696,59 €	37.601,11 €	22.782,55 €	2.199,80 €	62.583,46 €
IVA (21 %)	104.393,76 €	117.536,28 €				
ORZAMENTO DE ADXUDICACION con IVA	601.506,89 €	677.232,87 €	45.497,34 €	27.566,88 €	2.661,76 €	75.725,98 €
% Modificación respecto proxecto			7,56%	4,58%	0,44%	

	PEM	Líquido	% Respeto PEM Orixinal
MODIFICACIONES art. 204 LCSP	32.948,46 €	45.497,34 €	7,56%
MODIFICACIONES art. 205 LCSP (por introducción de prezos novos)	19.963,50 €	27.566,88 €	4,58%
VARIACIONES DE MEDICION art. 242.4.i)	1.927,60 €	2.661,76 €	0,44%

TOTAL	54.839,56 €	75.725,98 €
-------	-------------	-------------

“

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa argumenta no seu informe técnico no apartado VIII CONCLUSIÓNS o seguinte:

“As modificacións propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”, son de interese público, xa que son necesarias para a correcta finalización das obras en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar a posta en funcionamento dunha Escola Infantil Municipal que resolverá o traslado da actual Escola Infantil Municipal Santa Marta, ubicada no PEPRI Casco Vello de Vigo, no Barrio do Cura, así coma a creación e posta en disposición de novas prazas municipais de alumnado ao servizo da zona. Ademais, as patoloxías detectadas na edificación preexistente durante a execución das derrubas realizadas ao inicio das obras, implican a necesidade de proceder á súa completa e total resolución, de xeito que se garanta a completa seguridade estrutural da edificación para o desempeño da actividade contemplada”.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10



Concello de Vigo

de febreiro de 2022, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas con actuacións previas, movementos de terras, albanelería, cuberta, revestimentos e alicatados, pinturas, pavimentos, illamentos e impermeabilizacións, carpintería, instalacións, aparatos sanitarios, urbanización exterior, xestión de residuos e seguridade e saúde.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións ocultas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

No presente supostos no informe da dirección facultativa consta que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, sendo motivadas en xeral polo estado actual da soleira, estruturas e construcións distintas das recollidas no proxecto orixinal; porén nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos.

- Capítulo 01. Actuacións previas
- Capítulo 03. Albanelería
- Capítulo 04. Cuberta.

No apartado VI ORZAMENTO, indica que as modificacións previstas a tenor do disposto no **artigo 204 da LCSP ascenden a un total de 45.497,34 euros, supoñendo o 7,56 % do prezo do contrato.**

IV.- Asemade, en relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a)** Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b)** Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Respecto a xustificación da súa necesidade, indicar que as mesmas son necesarias para a execución dos traballos relacionados coa reparación e acondicionamento dos elementos estruturais afectados, garantindo a seguridade na edificación do IME, e que non puideron terse en conta no momento da redacción do proxecto orixinal, posto que as deficiencias detectadas atopábanse ocultas baixo revestimentos e falsos teitos existentes, circunstancia pola que non puideron preverse no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

Cúmrese dito requisito, xa que como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, sinálase que *“ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal”*.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.



Concello de Vigo

Cúmprese o citado requisito, xa que tal e como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, en relación ao importe das novas unidades de obra que é necesario introducir, as mesmas representa o 4,58% do orzamento inicial do contrato:

Partida	Ud	Resumen	Medición	Precio	Importe
PN.03	m2	Pasivado de grietas	52	89,06 €	4.631,12 €
PN.06	ud	Reparación puntual de viga estructural, picando y saneando la zona afectada, reforzando con estribos de acero corrugado y pasivando armadura existente	1	2.860,18 €	2.860,18 €
PN.09	m2	Formación tabique de carga	15	74,35 €	1.115,25 €
PN.10	m2	Reposición de lucernario de vidrio y acondicionamiento de estructura existente	15	757,13 €	11.356,95 €

IMPORTE TOTAL UNIDADES DE OBRA NOVAS	19.963,50 €
P.E.M. PROXECTO ORIXINAL	435.601,80 €
PORCENTAXE (%) DE IMPORTE TOTAL DE UNIDADES DE OBRAS NOVAS	4,58%

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

Cúmprese tamén dito requisito, xa que consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións non previstas a tenor do disposto no **artigo 205.2 c) da LCSP ascenden a un total de 27.566,88 euros, supoñendo o 4,58% do prezo do contrato.**

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Cúmprese tamén o citado requisito, xa que consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VIII.- CONCLUSIÓNS, que non se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

V.- As circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.1 descritas no informe técnico da dirección facultativa, atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato. Porén, nalgúns casos obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao

establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205.2.c) da LCSP.

VI.- Respecto á ampliación de prazo de un mes solicitada pola Dirección Facultativa para a execución das actuacións proxectadas, cabe indicar que o PCAP que rexe o presente expediente de contratación recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Neste caso que nos ocupa, o prazo de execución é de 4 meses (Apartado 4 das FEC), contados a partir do 20.07.2022, que se corresponde coa data da sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva.

Consta informe específico da dirección facultativa de xustificación de prazos de data 31.03.2023 (tte. 356).

En consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por (1) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

VII.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1.** Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2.** Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)



Concello de Vigo

3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP).

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

VIII.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

IX.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

X.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de decembro de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia ao redactor do proxecto, consta audiencia sen que se formulara, en data 23.03.2023 consideracións ao mesmo. (ttes. 346, 351 e 352).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación (proxecto modificado e informe da dirección facultativa) e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 22.03.2023 (tte. 345, 349 e 350).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 29.03.2023.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que as modificacións non previstas non superan o 20% do prezo inicial do contrato, nin o prezo inicial do contrato supera a contía de 6.000.000 euros.

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:



Concello de Vigo

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XI.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”** redactado polo Enxeñeiro en Topografía D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ, o que supón unha importe líquido adicional de **75.725,98 €**, supoñendo un 7,56 % (45.497,34 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 4,58 % (27.566,88 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un 0,44% (2.661,76 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 3230 6320006, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 1 MES.

4º.- Instar á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

5º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(588).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA TRAMITACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS DIRECTAS NO “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”. EXPTE. 1198/441.

Dáse conta do informe-proposta do 11/07/2023, asinado polo técnico de administración xeral/xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o 2º tenente de alcalde, concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- En data 22 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Designar ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, con D.N.I. ***0097** como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas para a concesión directa, mediante resolución, previstas para este Concello no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”*

SEGUNDO.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco”

2.- O Concello de Vigo participa no citado “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023” co proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24/02/2021, aprobado por Xunta de Goberno Local o 1 de marzo de 2021.

3.- Con data 13 de xuño de 2022, notifícase por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA ao Concello de Vigo para o “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023” no que resolve outorgar 81.254,46€ para a execución do proxecto pre-



Concello de Vigo

sentado de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

4.- Con data 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, adoptou en sesión ordinaria, entre outros, o seguinte acordo: “2. Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares)”. Expte. 1333/441

5.- En data 7 de marzo de 2023 asíñase Acta de comprobación de implantación pola dirección facultativa das obras, o Enxeñeiro Técnico Industrial municipal e Xefe de Unidade de Mantemento de Vías Municipais, D. Alfonso Berros Pérez e o Enxeñeiro de Caminos, Canles e Portos municipal, D. Juan Manuel Sánchez González.

6.- En data 19 de maio de 2023 ten lugar a finalización das obras, polo que se leva a cabo a recepción das mesmas e se emite a correspondente Acta de Recepción.

7.- En data 5 de xuño de 2023, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) notifica vía electrónica a través da Plataforma que xestiona a tramitación das solicitudes de axuda, resolución de concesión de prórroga solicitada polo Concello de Vigo en data 25 de maio de 2023:

“_ Conceder unha prórroga ao concello de VIGO e ampliar o prazo de execución e xustificación dos investimentos correspondentes á anualidade 2023 ata o 1 de agosto de 2023

_ Lémbrese que no caso de non xustificar dentro do novo prazo establecido, iniciárase o procedemento de reintegro do anticipo percibido para a anualidade 2022”

II.- Proposta:

A vista dos antecedentes descritos, a plataforma electrónica de AGADER (<https://appsagader.xunta.gal/caminos/>) dende a que se xestiona a tramitación das obrigas do Concello de Vigo para xustificación técnica e documental das actuacións, esta habilitada para o representante nomeado no acordo de XGL de 22 de febreiro de 2022, a través da identificación co correspondente certificado dixital, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Jerónimo Centrón Castaños. As circunstancias actuais de prestación do servizo fan necesario proceder a modificar a designación do actual representante co obxecto de dar continuidade a tramitación da XUSTIFICACIÓN DA ANUALIDADE 2023 DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022/2023 e calquera dos trámites que sexan precisos en relación á citada axuda.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Designar o Enxeñeiro de camiños, canais e portos; Xacobe Paz Salgado, con DNI ***1832**, como representante do Concello de Vigo para a tramitación da XUSTIFICACIÓN DA ANUALIDADE 2023 DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022/2023 e calquera dos trámites que sexan precisos en relación á citada axuda na plataforma electrónica de AGADER (<https://appsagader.xunta.gal/caminos/>), en substitución do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Jerónimo Centrón Castaños, nomeado o efecto na XGL de data 22/02/2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(589).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO “CONEXIÓN DA ZONA DE ABASTECIMENTO DE BEMBRIVE COA ZONA DE ABASTECIMENTO EIRAS ZAMÁNS”.EXPTE. 1728/441.

Dáse conta do informe-proposta do 11/07/2023, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o 2º tenente de alcalde, concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade



Concello de Vigo

concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 7 de xullo de 2023 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“CONEXIÓN DA ZONA DE ABASTECIMENTO DE BEMBRIVE COA ZONA DE ABASTECIMENTO EIRAS ZAMÁNS”** .O devandito informe indica o seguinte:

“Dentro do sistema de abastecemento de Vigo, a zona de abastecemento de Bembrive abranque as entidades de Carballal, Xestoso, Mosteiro e Eifonso. Este sector abastécese dende o depósito de Bembrive, cuxa fonte de subministro realízase a través dos mananciais da zoa, sen que exista actualmente alternativa de abastecemento procedente doutra fonte de subministro.

Dado o escenario actual de cambio climático, con episodios de seca cíclicos que se veñen repetindo nos últimos anos, resulta conveniente reforzar o abastecemento de Bembrive ante un eventual episodio de seca, ou ante calquera incidencia nos mananciais. Para isto, considérase necesario conectar a zona de abastecemento de Bembrive coa rede municipal que se abastece dende os encoros de Eiras e Zamáns, que supoñen fontes alternativas de subministro de maior capacidade e garantía de subministro.

Resulta necesario redactar un proxecto que, a partir da análise das posibles alternativas de conexión, defina o alcance das obras a executar para a conexión da zona de abastecemento de Bembrive coa zona de abastecemento fornecida dende os encoros de Eiras e Zamáns.”

V.- A vista deste informe, con data 10 de xullo de 2023 o Concelleiro Delegado da Area de Goberno de Fomento e servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“CONEXIÓN DA ZONA DE ABASTECIMENTO DE BEMBRIVE COA ZONA DE ABASTECIMENTO EIRAS ZAMÁNS”** .

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“CONEXIÓN DA ZONA DE ABASTECIMENTO DE BEMBRIVE COA ZONA DE ABASTECIMENTO EIRAS ZAMÁNS”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(590).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E SERVIZOS AUXILIARES NO PARQUE ZOO LÓXICO VIGOZOO. EXPTE. 11763/612.

Visto o informe xurídico do 04/07/2023 e o informe de fiscalización do 05/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 16/06/2023, asinado polo director de réxime interior de Vigozoo, o xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable e o concelleiro delegado de Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do mantemento deste tipo de instalacións en horario de tarde. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de mantemento de albanelería, carpintería, fontanería e electricidade destas instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 26 de abril de 2023, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 26/04/23 e pola Concelleira de Medio Ambiente coa mesma data.
- Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 26/04/23.
- Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior, o Xefe de Servizo de Medio Ambiente e Consumo, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda de 08/06/2023.
- Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, o Xefe de Servizo de Medio ambiente e Consumo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 08/06/2023
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 08/06/2023.
- Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral o 13/06/23, sobre a comprobación documental do expediente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral o 13/06/2023.

2.- Condicións definatorios do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do mantemento e servizos auxiliares nas instalacións de VigoZoo.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (199.347,22 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (34.597,45 €) e o valor estimado (164.749,77 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído).

- VIGOZOO (337.1. 227.99.03)

	Importe	IVE	Total
2023	16.327,92 €	3.428,87 €	19.756,79 €
2024	81.978,74 €	17.215,53 €	99.194,27 €
2025	66.443,11 €	13.953,05 €	80.396,16 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.



Concello de Vigo

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoZoo.

j) Seguro

O adxudicatario deberá subscribir ao seu cargo un programa de seguros cuxos importes nunca sexan inferiores aos obrigados segundo as leis e normas vixentes.

En canto ao seguro de responsabilidade civil e danos, este deberá cubrir as obrigacións derivadas dos riscos que sinala o artigo 5.1.c.6ª do Regulamento de Seguridade Privada (Real Decreto 2364/1994, de 9 de decembro). En concreto, os seguros deberán ser dun importe mínimo de 200.000,00 €. Tamén corresponde o seguro de responsabilidade civil obrigatorio de vehículos empregados na realización do servizo.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 08/06/23, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:

- 1.- Plan de Organización do Servizo: valorarse ata un máximo de **30 puntos**.
- 2.- Redución do prezo do contrato: valorarse ata un máximo de **70 puntos**.

4.- **Revisión de prezos:**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de mantemento e servizos auxiliares de VigoZoo. (exp.11763-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 08/06/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 13/06/23.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 199.347,22 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (34.597,45 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.229.03.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do patrocinio publicitario do proxecto "Vigo porta do mundo", organizado polo Faro de Vigo . Expte. 19717/101.
- .- Solicitud de adscrición ó concello de Vigo pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, do inmovible sito nos núms. 136 e 140 da Rúa San Roque-Vigo. Expte. 21049/240.
- .- Expediente de contratación do servizo de actuación artística de "Bad Gyal" no "Programa de espectáculos de verán Vigo en festas 2023". Expte. 9697/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

31(591).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “VIGO PORTA DO MUNDO”, ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO . EXPTE. 19717/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 13/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/07/2023, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base ás consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 12 de xullo de 2023, que consta no expediente, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o proxecto “VIGO, PORTA DO MUNDO”, organizado polo Faro de Vigo.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 12 de xullo de 2023.
- Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto elaborado e valorado polo Faro de Vigo está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación de data 12 de xullo de 2023.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 12 de xullo de 2023 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

-Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 12 de xullo de 2023.

-Memoria xustificativa do contrato de data 12 de xullo de 2023 asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal

-Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data de 12 de xullo de 2023.

II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

1.- O BXECTO.

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “VIGO, PORTA DO MUNDO”, organizado polo FARO DE VIGO S.A.U. O patrocinio se desenvolverá nos medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao proxecto e nos soportes e instalacións nas que se desenvolvan as diferentes accións, segundo o establecido na cláusula segunda do prego de prescricións técnicas particulares do contrato, e que son as seguintes accións:

Acción 1.- Lanzamento do libro, compendio histórico a modo de mural dos personaxes ilustres relacionados con Vigo.

Acción 2.- Mesa redonda para divulgación da historia da cidade e as excelencias que atraeron a ese vasto de personalidades.

Acción 3.- Mostra/Exposición na rúa do Príncipe de Vigo.

Lotes:

Non. En relación ao expediente de contratación de referencia e ao disposto no artigo 99 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, do 8 de novembro, xustifícase a no división en lotes do obxecto do contrato no feito de que non é posible a realización independente das diversas prestacións comprendidas no mesmo xa que a entidade FARO DE VIGO S.A.U. ostenta a exclusividade dos dereitos de organización, comerciais e publicitarios do proxecto

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U. (Achégase a declaración de



Concello de Vigo

propiedade en exclusiva de Faro de Vigo do proxecto “VIGO, PORTA DO MUNDO”, no trámite nº 3 da guía de tramitación deste expediente).

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

O artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade establece que o patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade de carácter deportivo, cultural, científico ou de calquera outra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador.

“VIGO PORTA DO MUNDO” é un proxecto de FARO DE VIGO S.A.U. que ostenta a exclusividade dos dereitos de organización, comerciais e publicitarios e mais a propiedade dos dereitos de autor e o copyright do libro “Vigo, Puerta del Mundo” incluído no proxecto do mesmo nome e que se atopan anexados nos trámites nº 3 e 5 do expediente, ambos anexados electronicamente.

O proxecto non podería ser adxudicado a outra entidade, xa que non temos constancia da existencia doutro proxecto alternativo que conteña unha obra e mostra/exposición coa temática cultural, histórica e de interese turístico proposta pola entidade FARO DE VIGO S.A.U., e que reúna ademais de forma didáctica e detallada a este número tan elevado de personalidades que dende todos os ámbitos (científico, artístico, político, literario, etc) se achegaron a Vigo ao longo da súa historia, así como a razóns que propiciaron os seus viaxes.

Formas de tramitación:

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Xustificación da necesidade da publicidade.

3. a) A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de abril de 2023 acordou a aprobación da “Planificación Estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación 2023-2025”. Expediente: 19581-101, na que establécense 5 obxectivos básicos:

Obxectivo 1.- O impulso e avance da organización municipal cara a excelencia e a transparencia no ámbito da comunicación e a publicidade coa fin de responder á necesidade de satisfacer o dereito á información dos cidadáns.

Obxectivo 2.- Promover a cultura da información comunicando á xestión do Concello de Vigo á cidadanía en todos os ámbitos.

Obxectivo 3.- Lograr a través da comunicación efectiva das accións municipais, unha percepción da transformación do municipio vinculada a mellora da súa imaxe e da calidade de vida dos seus habitantes e lograr unha cidadanía mais participativa.

Obxectivo 4.- Obter uns resultados medibles e avaliábeis da acción municipal en materia de comunicación e publicidade que permitan unha mellora continua da estratexia comunicativa e unha avaliación dos retornos publicitarios e económicos das accións.

Obxectivo 5.- Fomento de valores sociais, culturais, deportivos, educativos e de orgullo de pertenza a cidade de Vigo.

A estratexia recolle no seu punto IV as “Liñas básicas de actuación do Concello de Vigo no período 2023-2025” que constitúen o conxunto de accións a levar a cabo dentro do plan de actuación en materia de comunicación co obxecto de garantir a consecución dos obxectivos de maneira eficaz, coherente e transparente.

En concreto, a liña estratéxica 2: O patrocinio publicitario como ferramenta de comunicación e publicidade, da cobertura a consecución dos obxectivos básicos números 3, 4 e 5 recollidos no punto II da estratexia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Nela propónse a realización de patrocinios publicitarios no marco do desenvolvemento da industria cultural creativa e da difusión da imaxe de marca da cidade.

O patrocinio publicitario é unha ferramenta de comunicación e publicidade que permite que a imaxe de marca da cidade chegue a un gran número de persoas. Sendo os proxectos deportivos, culturais, turísticos e educativos os que despertan mais interese.

A través desta liña de acción preténdese abordar os patrocinios publicitarios non



Concello de Vigo

só atendendo a proxectos de entidades alleas ao Concello de Vigo, se non a través de propostas realizadas dende a propia administración que favorezan o desenvolvemento de proxectos de carácter cultural, deportivo, educativo ou turístico cun alto grado de notoriedade que contribúan a difusión da imaxe/marca a cidade.

Polo que o patrocinio publicitario poderíase definir como unha acción publicitaria que xera un vínculo entre unha marca publicitaria e un proxecto patrocinado, onde ambos obteñen un beneficio.

No patrocinio publicitario o patrocinador, a cambio dunha achega económica, goza da notoriedade e resonancia da actividade desenvolvida polo patrocinado, co fin de dar a coñecer o seu nome ou marca entre o público e promover a súa imaxe.

Neste senso, o patrocinio de proxectos de carácter cultural, deportivo, educativo ou turístico cun alto grado de notoriedade, contribúe a difusión da imaxe de cidade, no marco do desenvolvemento da dunha industria cultural e creativa.

Ademais dos beneficios cualitativos antedito relacionados coa imaxe de marca, os patrocinios publicitarios reportan beneficios cuantitativos baseados en datos económicos tanto de retorno publicitario publicitario, como de retorno económico para a cidade a curto, medio e longo prazo.

En consecuencia, o patrocinio publicitario ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario» e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite o patrocinador (CONCELLO DE VIGO) facer pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos coa mesma finalidade, converténdose así, sen dúbidas, en toda unha fonte xeradora de beneficios directos e inducidos. Basicamente estes beneficios se concretan en termos de realce da imaxe da cidade e nun retorno económico cualificable no sector hoteleiro, hostaleiro e de servizos.

Nas conclusións de estudo realizado pola empresa especializada en comunicación, Ecovigo Publicidade, S.L. “informe Estratéxico sobre patrocinios publicitarios dentro da industria creativa”, expónse que o patrocinio publicitario perfílase como unha ferramenta de inversión pública clave para o desenvolvemento social e económico de calquera municipio pero en especial das cidades chamadas a conformar o mapa urbano de Europa.

Ao outorgar o cualificativo de inversión clave refírense tanto a vertente cualitativa como a cuantitativa. Dende o punto de vista cualitativo destaca a relación directa

entre o patrocinio e a industria creativa (ocio, deporte, cultura e educación) vertebra unha combinación favorable en termos de imaxe de cidade/marca.

Dende a perspectiva da inversión dos patrocinios publicitarios deben ser medidos tanto no retorno publicitario nos medios tradicionais e dixitais, como nun amplo abanico de perspectivas económicas: impacto positivo no PIB da cidade a través dos ingresos directos xerados polo turismo, o comercio e a hostalería.

O proxecto “Vigo, Porta do Mundo”, proposto polo Faro de Vigo, daría cobertura aos obxectivos números 2, 4 e 5 da “Planificación Estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Así mesmo estaría encadrado na liña estratéxica 2: O patrocinio publicitario como ferramenta de comunicación e publicidade.

3.b) Faro de Vigo propón ao Concello de Vigo a realización dun patrocinio publicitario do proxecto: “Vigo, Porta do Mundo”, cun triplo obxectivo:

- 1.- Reforzar a imaxe cultural e histórica da cidade de Vigo nas/aos cidadás/cidadáns de Vigo e contribuír con elo ao reforzamento do sentimento e orgullo de pertenza á cidade.
- 2.- Contribuír a difusión da imaxe histórica e cultural da cidade de Vigo cara aos visitantes e aos turistas, e reforzar con elo ao sector turístico da cidade.
- 3.- Facer unha homenaxe a quen foi o último Cronista Oficial de Vigo, medalla de Ouro da Cidade e gran figura da comunicación e da cultura, D. Ceferino de Blas. “Vigo, porta do mundo” é a súa obra póstuma e da título a este proxecto.

Os tres obxectivos facilitan que a imaxe de marca da cidade chegue a un gran número de persoas por tratarse dun proxecto de intereses cultural, histórico e turístico.

O proxecto é un conxunto de tres accións diferentes e complementarias que se desenvolven na memoria do proxecto “Vigo, Puerta del Mundo” anexada ao expediente:

- 1.- Lanzamento do libro, compendio histórico a modo de mural dos personaxes ilustres relacionados con Vigo
- 2.- Mesa redonda para divulgación da historia da cidade e as excelencias que atraeron a ese vasto de personalidades.
- 3.- Mostra/Exposición na rúa do Príncipe de Vigo.



Concello de Vigo

O proxecto “VIGO, PORTA DO MUNDO” permitiralle ao Concello reforzar na cidadanía a percepción da imaxe histórica e cultural de Vigo, a través das personalidades que dende todos os ámbitos (científico, artístico, político, literario, etc) se achegaron a Vigo ao longo da súa historia, así como a razóns que propiciaron os seus viaxes. Paralelamente se dará a coñecer a última obra póstuma do que foi o último Cronista Oficial de Vigo, D. Ceferino de Blas.

O proxecto ten ademais un vertente de interese turístico, que materialízase na Mostra/Exposición prevista na rúa do Príncipe nos meses de xullo e agosto e que permite dar a coñecer aos visitantes e turistas que se achegan a cidade realidade histórica e cultural de Vigo, que fixo todas as personalidades recollidas na mostra realizaran unha viaxe a cidade de Vigo antes que eles. Por este motivo, ademais da difusión da publicidade en medios locais de FARO DE VIGO, o proxecto publicitarase noutros medios do grupo Prensa Ibérica, polo que o retorno da mesma incrementarase nun mínimo dun 15%. Prensa Ibérica, grupo editorial ao que pertence Faro de Vigo, conta con 26 xornais distribuídos por todo o Estado tal e como consta no gráfico a continuación.

VIGO PORTA DO MUNDO é un proxecto que polas súas características en canto á temática do libro e mais ao contido da mostra constitúe unha oportunidade de difusión da imaxe de marca da cidade polo seu interese cultural, histórico e turístico. No senso de que non existe outra obra que reúna de forma didáctica e rigorosa a un número tan elevado de personalidades que dende todos os ámbitos (científico, artístico, político, literario, etc) se achegaron a Vigo ao longo da súa historia, así como a razóns que propiciaron os seus viaxes.

Tendo en conta o obxecto do contrato, o importe do mesmo e o retorno publicitario resulta aplicable para a adxudicación deste contrato de patrocinio o procedemento negociado sen publicidade dado que para a súa realización non existe competencia por razóns de protección de dereitos exclusivos, conforme se establece no artigo 168.a).2º Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público. A forma de tramitación do expediente será ordinaria.

O retorno total estimado do proxecto por importe de ascende como mínimo a 319.609,40.- iva engadido xustifica o prezo do contrato por importe de 84.700,00 €, moi inferior ao custe de contratar directamente as insercións publicitarias en soporte papel, en soporte dixital e outras accións detalladas no proxecto presentado pola entidade Faro de Vigo S.A.U., e que se atopa no expediente no trámite nº 3.

Incorpórase no expediente no trámite nº 6 o informe xustificativo da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre que o retorno publicitario do proxecto VIGO PORTA DO MUNDO elaborado e valorado polo Faro de Vigo, está debidamente xustificado

en base ao interese e as tarifas oficiais do Faro de Vigo para o ano 2023, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, o importe do mesmo e o retorno publicitario resulta aplicable para a adxudicación deste contrato de patrocinio o procedemento negociado sen publicidade dado que para a súa realización non existe competencia por razóns de protección de dereitos exclusivos, conforme se establece no artigo 168.a).2º Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público. A forma de tramitación do expediente será ordinaria.

II.4.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 84.700 € co iva engadido

Prezo con iva: 84.700 €

Prezo sen iva: 70.000 €

Importe do iva 21%: 14.700,00 €

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2023.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos costes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.



Concello de Vigo

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

1.- Admítese a subcontratación. Establécese como tarefa crítica o deseño e desenvolvemento do Plan de Comunicación e Publicidade do proxecto, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U. por ter os dereitos de exclusiva do proxecto.

2.- A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

Do 15 de xullo ao 31 de decembro de 2023. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de xaneiro de 2023.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

II.11- Seguro

O “patrocinado” deberá contar cunha póliza de responsabilidade civil que cubra o obxecto da actividade “patrocinada” cunha contía mínima de 300.000 €.

II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

II.13.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

1. Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

1.- Con relación a cesión de dereitos de propiedade intelectual, consta a titularidade exclusiva de FARO DE VIGO S.A.U do proxecto “Vigo, Porta do Mundo” e dos dereitos de autor do libro “Vigo Porta do Mundo”.

2.- Non hai cesión de datos nin de propiedade intelectual entre as partes.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.



Concello de Vigo

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “VIGO PORTA DO MUNDO” á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e asinado con data 12 de xullo de 2023

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Area de Contratación e Novos Proxectos, con data 12 de xullo de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 84.700,00 € (OITENTA E CATRO MIL SETECENTOS) co iva engadido. Sendo o importe do iva de 14.700,00 € (CATORCE MIL SETECENTOS) e o valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP de 70.000,00 € (SETENTA MIL).

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento de acordo as seguintes anualidades: Ano 2023: 84.700,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(592).- SOLICITUDE DE ADSCRIPCIÓN Ó CONCELLO DE VIGO POLA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, DO INMOBLE SITO NOS NÚMS. 136 E 140 DA RUA SAN ROQUE-VIGO. EXPTE. 21049/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/07/2023, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio e a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, que di o seguinte:

Primeiro.- O Excmo. Sr. Alcalde formulou ó Ministerio de Inclusión Seguridade Social y Migraciones, o pasado 30 de marzo do 2023,, unha SOLICITUD DE ADSCRIPCIÓN do inmovible números 136 e 140 da Rúa San Roque desta cidade de Vigo, nos seguintes termos:

“SOLICITUD DE ADSCRIPCIÓN

Que ha tenido conocimiento de la existencia de un inmueble sito en la Calle San Roque nºs 136 y 140, de la ciudad de Vigo, que forma parte del patrimonio de la Seguridad Social.

Que la Administración Pública que represento, tiene entre sus fines la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en el art. 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y en concreto según lo establecido en el segundo punto del referido artículo: la evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social (art. 25.2.e); información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local (art. 25.2.h); promoción de la cultura y equipamientos culturales (art. 25.2.m); promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones (art. 25.2.ñ) y actuaciones en la promoción de la igualdad entre hombres y mujeres así como contra la violencia de género (art. 25.2.o).

El inmueble en cuestión podría servir para prestar servicios de índole social y actividades demandadas tanto por los ciudadanos y ciudadanas a nivel individual como por las asociaciones de vecinos y asociaciones culturales y de comerciantes.



Concello de Vigo

Para llevar a cabo esta finalidade, solicito al Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones la adscripción del referido inmueble, por el plazo de 50 años, esté destinado al fin por el que se solicita su adscripción de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 103.1 y 104.2 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, así como lo recogido en el artículo 12 bis del Real Decreto 1221/1992, de 9 de octubre, sobre patrimonio de la Seguridad Social. “

Segundo.- A fin de poder continuar co procedemento de adscripción promovido por esta administración municipal, e consonte o interesado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, sometese á Xunta de Goberno Local a solicitude de adscripción formulada o 30/03/2023 para sua ratificación, de selo caso.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Ratificar a solicitude de adscripción do inmueble sito nos números 136 e 140 da Rúa San Roque formulada polo Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en data 30 de marzo do 2023, ó Ministerio de Inclusión Seguridad Social y Migraciones, para sua adicación ós fins propios desta administración municipal.
SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Tesorería Xeral da Seguridade Social (Mº de Inclusión Seguridad Social y Migraciones) para o seu coñecemento e aos efectos que procedan.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(593).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "BAD GYAL" NO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE. 9697/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 13/07/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Contratación e

Novos Proxectos, por resolución de data 23.06.2023 da concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 10 de maio de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do **SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "BAD GYAL" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 21 de abril de 2023.
- O Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, prevé, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2023", a celebración de concertos no auditorio de Castrelos.
- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).



Concello de Vigo

- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual “VIGO EN FESTAS” publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 13 de marzo de 2023.
- Revisados os expedientes do Servizo de Festas compróbase que non constan nin outras ofertas para a actuación artística de Bad Gyal, nin outras comunicacións, formais ou informais con outros produtores que oferten a actuación do citado artista, diferentes á formulada por ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SLU,, obrantes no expediente 9.697-335. Así consta na acta de comprobación da administrativa do servizo, de data 13 de xullo de 2023.
- Consta acreditado no expediente que D. Xaime Casas Maciá, en nome de Eidon Música S.R.L., que ostenta a condición de representante do artista “BAD GYAL” (conforme se desprende do documento anexado no trámite 35 do expediente), cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 10 de agosto a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (conforme ao documento anexado no trámite 3 do expediente).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 12 de xuño de 2023.
- Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 12 de xuño de 2023, en relación coas condicións de accesibilidade e medio ambiente.
- Memoria económica de data 12 de maio de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 5 de xuño de 2023 (operación nº 202300127707-RC-)
- Memoria xustificativa, de data 12 de xuño de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Acordo da Xunta de Goberno Local, do 30 de xuño de 2023, de fixación de prezos de venda de entradas da programación de espectáculos que se realizarán no auditorio de castrelos. É preciso por de releve que o prezo fixado na memoria xustificativa foi modificado por este acordo posterior do órgano de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, corresponde ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Efectivamente, consta acreditado no expediente que D. Xaime Casas Maciá, en nome de Eidon Música S.R.L., que ostenta a condición de representante do artista "BAD GYAL", cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 10 de agosto a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.



Concello de Vigo

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "BAD GYAL" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 13 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 181.500,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 150.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(594).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez